

IV Trofeo Atletismo Mazí - Cidade de Vilagarcía

09/02/2019 - **MODIFICADO**

CARREIRAS			HORA	CONCURSOS		
60 m. vallas (0.84)	Homes	INF.	09:45			
			09:50	Altura	Homes	ALV.
				Peso 2 kg	Mulleres	ALV.
				Lonxitude	Homes	BNX.
				Lonxitude	Mulleres	BNX.
60 m. vallas (0.762)	Mulleres	INF.	09:55			
60 m.l.	Homes	INF.	10:05			
60 m.l.	Mulleres	INF.	10:15			
60 m.l.	Homes	ALV.	10:25			
			10:30	Peso 2 kg	Homes	ALV.
60 m.l.	Mulleres	ALV.	10:35			
50 m.l.	Homes	BNX.	10:50			
50 m.l.	Mulleres	BNX.	11:00	Lonxitude	Homes	INF.
				Lonxitude	Mulleres	INF.
500 m.l.	Homes	BNX.	11:10	Altura	Mulleres	ALV.
				Peso 3 kg	Homes	INF.
500 m.l.	Mulleres	BNX.	11:18			
500 m.l.	Homes	ALV.	11:25			
500 m.l.	Mulleres	ALV.	11:35			
1ª ENTREGA DE MEDALLAS			11:40	1ª ENTREGA DE MEDALLAS		
500 m.l.	Homes	INF.	12:00	Peso 3 kg	Mulleres	INF.
500 m.l.	Mulleres	INF.	12:10			
50 m.l. ⁽¹⁾	Homes	PREB.	12:20			
50 m.l. ⁽¹⁾	Mulleres	PREB.	12:30			
4x60 m.l.	Homes	ALV.	12:40	Lonxitude ⁽²⁾	Homes	PREB.
				Lonxitude ⁽²⁾	Mulleres	PREB.
				Peso 1 kg	Homes/Mulleres	BNX.
4x60 m.l.	Mulleres	ALV.	12:50			
4x60 m.l.	Homes	INF.	13:00			
4x60 m.l.	Mulleres	INF.	13:10			
4x50 m.l.	Homes	BNX.	13:20			
4x50 m.l.	Mulleres	BNX.	13:30			

⁽¹⁾ Proba non oficial o non ter licencia escolar ou federada.

⁽²⁾ Proba non oficial o non ter licencia escolar ou federada. Tódolos participantes terán 2 intentos de exhibición.

REGULAMENTO

Art.1.- Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.2.- As inscricións faranse a través do sistema online da web de RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:59 horas do Martes 05/02/2019.

Art.3.- As inscricións da categoría Prebenxamín (nados no ano 2012-2014), farase enviando un correo electrónico a atletismomazi@gmail.com indicando: nome e apelidos, data de nacemento e DNI do atleta. Ademais o nome, apelidos e DNI do titor, xunto cun teléfono de contacto ata as 23:59 horas do Martes 05/02/2019.

Art.4.- A organización dará acreditacións para que os adestradores poidan estar dentro da pista e facilitar a súa labor. Estas acreditacións repartiranse en función do número de inscritos de cada Club (ata un máximo de 4).

Para solicitálas os Clubs deberán enviar un correo electrónico a atletismomazi@gmail.com indicando:

- nome e apelidos, DNI e cargo no Club da persoa ou persoas a acreditar
- número total de atletas inscritos na proba

Rogamos a todos os Clubs que se vaian a desprazar en autobús que tamén o comuniquen a fin de poder xestionar o acceso e aparcamento.

Art.5.- Limitación de probas: cada atleta só poderá participar en 2 probas e máis o relevo seguindo esta limitación (1 carreira + 1 concurso). O incumprimento desta norma invalidará as marcas dos atletas.

Art.6.- Táboas de lonxitude: estará a 1 metro en Benxamín e 2 metros en Infantil.

Art.7.- Nas probas de concursos todos os participantes farán 4 intentos se hai 15 participantes ou menos, e 3 intentos se hai máis de 15 participantes. A organización resérvase o dereito de limitar o número de participantes en probas nas que as inscricións sexa demasiado elevada.

Art.8.- As cadencias da proba de altura será a que segue:

- **ALEVIN:** 0.85 – 0.95 – 1.03 – 1.11 – 1.16 e de 3 en 3 cm.

Art.9.- A recollida de dorsais realizarase na secretaría da competición ata **45 minutos antes do comezo da proba**, sendo estes recollidos polos delegados dos Clubs.

Art.10.- Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal. A organización non facilitará imperdibles.

Art.11.- Outorgaranse medallas nas categorías Benxamín, Alevín e Infantil ata o quinto clasificado de cada proba, categoría e sexo. Excepto nas probas de relevos onde só se outorgarán medallas os tres primeiros clasificados. Tódolos participantes en categoría Prebenxamín levarán medalla.

Art.12.- Tódolos participantes estarán cubertos polo Seguro de Accidentes Deportivos da F.G.A. No caso da categoría Prebenxamín estarán cubertos por un seguro de Accidente Deportivo Específico.

Art.13.- Tódolos atletas ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

Art.14.- O horario podería sufrir modificacións en función das inscricións.

Art.15.- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Art.16.- A organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que se puidesen producir.